



REDES SOCIAIS

Cando precisemos informar alguén de cal é a nosa presenza en redes sociais, podemos pasarlle esta ligazón de **Linktree**: <https://linktr.ee/arbore.cooperativa>.

Neste documento imos recoller información relacionada con cada unha das redes sociais nas que estamos presentes, pero tamén con recursos útiles para a preparación de materiais.

REDES SOCIAIS

- **Instagram (@arbore.cooperativa)**. É a rede social na que estamos máis activas. Até decembro de 2024 contamos coa axuda da cooperativa Kracia, grazas á subvención do Bono Consolida. No primeiro trimestre de 2025 baixou a nosa actividade porque tivemos que xestionar nós o perfil e houbo outras prioridades. O obxectivo sempre foi ser quen de manter unha frecuencia de dúas publicacións semanais.
Estamos pendentes de que nos confirmen se nos dan unha nova subvención que nos permitiría ter os servizos de Rebeca Fraile (que creou tamén a imaxe de marca de Árbole) durante uns meses. Se convocan novamente o Bono Consolida para 2026, probablemente poderemos meter unha nova partida de gasto relacionado con redes sociais aí. A medio prazo, a intención é ter externalizada a xestión das redes sociais con independencia de que teñamos subvención ou non (decisión pendente de confirmar polo Consello Reitor).
- **Facebook (@arboreconsumoconsciente)**. A estratexia seguida até o de agora foi usar Facebook unicamente para compartir automaticamente o mesmo que publicamos en Instagram. Non hai unha estratexia propia para esta rede social. Ademais, é unha rede que xa non ten tanto movemento coma no pasado, polo que non paga a pena facer un esforzo extra nela.
- **Vimeo**. Só temos un vídeo subido (un vídeo corporativo que puidemos facer grazas a outra subvención). Temos unha subscrición gratuíta, polo que só poderíamos subir 3 vídeos. Non é unha prioridade para nós traballar este tipo de redes sociais.
- **YouTube**. Temos unha canle creada, pero está baleira. Pódese acceder a ela dende a conta de correo info@arbore.org. Creouse coa intención de subir materiais que non sexan para compartir senón de uso interno (como os vídeos da plataforma de formación), pero finalmente estamos gardando eses vídeos no Google Drive. Queda dispoñible este recurso, se finalmente se considera útil.
- **Outras redes sociais**. Pola limitación de tempo e pola súa deriva fascista, desbotouse dende o comezo crear perfil en X (antes Twitter). Polo momento tamén desbotamos, por cuestión de tempo, crear perfís en redes coma Bluesky ou Mastodon. Esta última pode ser unha opción interesante a medio prazo, pola proximidade “ideolóxica” (software libre, rede non-corporativa), pero polo momento non podemos dedicar tempo a isto.



RECURSOS ÚTILES

Para a xestión das redes sociais e para a creación de materiais útiles para a comunicación, botamos man dun par de recursos:

- **Metricool.** Esta aplicación permite xestionar a publicación simultánea de contidos en redes sociais e tamén ofrece estatísticas sobre o seguimento dos nosos perfís e publicacións. Non permite xestionar as stories de Instagram. Nós utilizámola para publicar simultaneamente os contidos en Instagram e Facebook.
- **Canva.** Temos unha conta profesional nesta rede para crear contidos gráficos e mesmo documentos (p. ex., informes para as asembleas).